

## **ANUNCIO**

### **Proceso selectivo para a formación dunha lista de agarda para a cobertura provisional de postos de técnico/a superior en comunicación (A1-Nivel 22)**

O tribunal cualificador do procedemento selectivo que se cita no encabezado, en data 24 de agosto de 2023, **ACORDOU**:

**1º.** Resolver as alegacións á avaliación de méritos da fase de concurso formuladas polos aspirantes no senso que se indica:

a) Dona Silvia Castiñeiras Portos: alega que non se lle valoraron os seguintes méritos:

- 1) O título de licenciada en Publicidade e Relacións Públicas, que debe considerarse unha titulación de nivel superior á esixida para participar no procedemento selectivo.

As alegacións formuladas **desestímanse integramente** polos seguintes motivos:

A base 9.1.3 das que rexen no proceso selectivo dispón que será obxecto de valoración o feito de "*posuír unha titulación académica de nivel superior, distinta e independente da requirida na convocatoria como requisito imprescindible para o acceso*", pasando a detallar os diferentes niveis académicos que serán obxecto de valoración e a súa puntuación. Doutro lado, a base 3.1.c) especifica que a titulación esixida para participar no procedemento selectivo será a de Grao ou Licenciatura.

O título de licenciado da aspirante é, pois, de nivel académico igual ao esixido para participar no proceso selectivo (Grao/ Licenciatura). Ademais, a base 9.1.3 detalla precisa que a titulación de nivel académico superior á de Grao/ Licenciatura que se avaliará é a de Doutor.

b) Dona María José Imia Vázquez: alega que non se lle valoraron os seguintes méritos:

- 1) Servizos prestados no Gabinete de Comunicación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e no Gabinete de Comunicación da Secretaría Xeral de Medios.
- 2) O mestrado "Educación, xénero e igualdade", que debe considerarse unha titulación de nivel superior á esixida para participar no procedemento selectivo.

As alegacións formuladas **desestímanse integramente** polos seguintes motivos:

- 1) A aspirante prestou os servizos alegados como persoal eventual, segundo acreditan os certificados achegados coa súa instancia. Ao respecto, o artigo 12.4 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece de xeito

tallante que *"a condición de persoal eventual non poderá constituír mérito para o acceso á función pública ou para a promoción interna"*.

- 2) A base 9.1.3 das que rexen no proceso selectivo dispón que será obxecto de valoración o feito de *"posuír unha titulación académica de nivel superior, distinta e independente da requirida na convocatoria como requisito imprescindible para o acceso"*, pasando a detallar os diferentes niveis académicos que serán obxecto de valoración e a súa puntuación.

A base 9.1.3 detalla precisa que a titulación de nivel académico superior á de Grao/ Licenciatura, esixida para participar no proceso selectivo, que se avaliará é a de Doutor, non incluíndo a valoración de títulos de mestrado.

c) Don Mario Prado Álvarez: alega que non se lle valoraron os seguintes méritos:

- 1) O título de licenciado en Publicidade e Relacións Públicas, que debe considerarse unha titulación de nivel superior á esixida para participar no procedemento selectivo.
- 2) A inscrición como demandante de emprego un total de 17 meses completos nos últimos dous anos.

A alegación referida no apartado 1) **desestímase integramente** polos seguintes motivos:

A base 9.1.3 das que rexen no proceso selectivo dispón que será obxecto de valoración o feito de *"posuír unha titulación académica de nivel superior, distinta e independente da requirida na convocatoria como requisito imprescindible para o acceso"*, pasando a detallar os diferentes niveis académicos que serán obxecto de valoración e a súa puntuación. Doutro lado, a base 3.1.c) especifica que a titulación esixida para participar no procedemento selectivo será a de Grao ou Licenciatura.

O título de licenciado da aspirante é, pois, de nivel académico igual ao esixido para participar no proceso selectivo (Grao/ Licenciatura). Ademais, a base 9.1.3 detalla precisa que a titulación de nivel académico superior á de Grao/ Licenciatura que se avaliará é a de Doutor.

A alegación referida no apartado 2) **estímase parcialmente** polos seguintes motivos:

A base 9.1.5 das que rexen no proceso selectivo dispón que será obxecto de valoración a *"inscrición acreditada como demandante de emprego nos últimos dous anos"*, a razón de 0,08 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días e ata un máximo de 1 punto. Tendo en conta que o prazo para a presentación de instancias de participación no proceso selectivo rematou o 31/05/2023, o período temporal que deberá considerarse para a avaliación do mérito é o comprendido entre esa data e o 31/05/2021.

O aspirante acreditou a súa inscrición como demandante de emprego do 31/05/21 ao 20/07/2021 e do 09/02/2022 ao 31/05/2023, o que representa un total de 16 meses e dúas fraccións de duración superior a 15 días. Non obstante, durante o período comprendido entre o 30/07/21 ao 15/03/23 prestou servizos na Administración, de xeito

que estivo en situación de demandante de emprego como desempleado unicamente do 31 de maio ao 29 de xullo de 2021 e do 16 de marzo ao 31 de maio de 2023, o que representa un total de 4 meses e 16 días. En consecuencia, unicamente procede valorar a situación como demandante de emprego durante eses 4 meses máis a fracción superior a 15 días, o que fai un total de 0,40 puntos.

Debe rexeitarse, a avaliación dos períodos temporais de demanda de emprego coincidentes coa prestación de servizos na Administración posto que, dun lado, durante ese tempo o aspirante aínda que figuraba como demandante de emprego non estaba desempleado e, por outro lado, porque facelo implicaría valorar dúas situacións coincidentes no tempo pero contrapostas na súa finalidade: a prestación de servizos na Administración (mérito que valora a experiencia) e a situación de demanda de emprego (mérito que tenta favorecer a contratación de quen leva máis tempo desempleado).

d) Dona Eva Vázquez Salgueiros alega que non se lle valoraron os seguintes méritos:

- 1) A posesión do título de licenciada en Comunicación Audiovisual, que debe considerarse unha titulación de nivel superior á esixida para participar no procedemento selectivo.
- 2) O Mestrado en Estudos Europeos (300 horas), que inclúe módulos relacionados coas políticas culturais e a xestión de proxectos e fondos europeos no ámbito da cultura eo sector audiovisual.
- 3) Os cursos enumerados como 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20 e 24, relacionados coa comunicación web e as redes sociais e impartidos pola Comisión Europea.
- 4) A formación "Curso SEO avanzado para periodistas" e o "Curso de HTML para periodistas", impartidos pola Asociación Profesional de Periodistas de Madrid.
- 5) O curso "Linguaxe administrativa" impartido polo Concello de Santiago de Compostela.

As alegacións formuladas **desestímense integramente** polos seguintes motivos:

- 1) A base 9.1.3 das que rexen no proceso selectivo dispón que será obxecto de valoración o feito de "*posuír unha titulación académica de nivel superior, distinta e independente da requirida na convocatoria como requisito imprescindible para o acceso*", pasando a detallar os diferentes niveis académicos que serán obxecto de valoración e a súa puntuación. Doutro lado, a base 3.1.c) especifica que a titulación esixida para participar no procedemento selectivo será a de Grao ou Licenciatura.

O título de licenciado da aspirante é, pois, de nivel académico igual ao esixido para participar no proceso selectivo (Grao/ Licenciatura). Ademais, a base 9.1.3 detalla precisa que a titulación de nivel académico superior á de Grao/ Licenciatura que se avaliará é a de Doutor.

- 2) A base 9.1.2 di que serán avaliados os cursos “*relacionados cos contidos da praza a desempeñar, e impartidos pola Administración Pública (...) ou homologados polas anteriores*”. Pola súa banda, a base 2ª das que regulan a convocatoria detalla o cometido funcional do posto de traballo.

As materias que conforman o contido docente do Mestrado en Estudos Europeos e que aparecen detalladas no dorso do título non gardan relación co cometido funcional da praza convocada, polo que esta formación non pode avaliarse.

- 3) Os cursos enumerados como 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20 e 24 pola aspirante na súa instancia, á parte de non ter sido impartidos por unha Administración Pública (a Comisión Europea non ten esta natureza, de acordo co establecido polo artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público), non detallan a súa duración en horas nin conteñen mención ningunha que permita determinala polo que, con independencia da súa eventual relación cos cometidos do posto, carecen dun elemento fundamental para a súa valoración e non poden ser avaliados a teor do previsto na base 9.1.2.
- 4) Os “Curso SEO avanzado para periodistas” e “Curso de HTML para periodistas” non foron impartidos por unha Administración Pública, segundo a definición contida na base 9.1.2 das reguladoras da convocatoria, nin tampouco se acredita a súa homologación por ningunha daquelas. Pola contra, trátase de formación impartida por unha entidade de natureza privada, como é unha asociación.
- 5) A base 9.1.4.b) especifica que unicamente serán valorados os cursos de especialización de linguaxe administrativa galega “*expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística*”, requisito este que non concorre no curso achegado pola aspirante.

e) Dona Lara Dopazo Ruibal alega que non se lle valoraron os seguintes méritos:

- 1) Os tres títulos de mestrado que achegou, que deben considerarse unha titulación de nivel superior á esixida para participar no procedemento selectivo.

A alegación formulada **desestímase integramente** polos seguintes motivos:

A base 9.1.3 das que rexen no proceso selectivo dispón que será obxecto de valoración o feito de “*posuír unha titulación académica de nivel superior, distinta e independente da requirida na convocatoria como requisito imprescindible para o acceso*”, pasando a detallar os diferentes niveis académicos que serán obxecto de valoración e a súa puntuación.

A base 9.1.3 detalla precisa que a titulación de nivel académico superior á de Grao/Licenciatura, esixida para participar no proceso selectivo, que se avaliará é a de Doutor, non incluíndo a valoración de títulos de mestrado.

**2º.** Aprobar definitivamente a puntuación final e orde dos aspirantes que superaron o proceso selectivo:

Orde	Aspirantes	DI	OPOSICIÓN	GALEGO	CONCURSO	TOTAL
<b>1</b>	SILVIA ROCA BAAMONDE	473****57F	46,00	Apto	<b>37,00</b>	<b>83,00</b>
<b>2</b>	MARIO PRADO ALVAREZ	335****76P	36,00	Apto	<b>33,40</b>	<b>69,40</b>
<b>3</b>	EVA VÁZQUEZ SALGUEIROS	448****86Q	42,00	Apto	<b>26,26</b>	<b>68,26</b>
<b>4</b>	PABLO RODRIGUEZ CASTRO	394****53W	34,00	Apto	<b>34,00</b>	<b>68,00</b>
<b>5</b>	CLAUDIA NEIRA EXPÓSITO	346****00Q	36,00	Apto	<b>28,42</b>	<b>64,42</b>
<b>6</b>	VANESA RUT SISO CALVO	533****62C	44,00	Apto	<b>15,16</b>	<b>59,16</b>
<b>7</b>	DANIEL VEIRA FERRIN	473****81S	44,00	Apto	<b>9,00</b>	<b>53,00</b>
<b>8</b>	LARA DOPAZO RUIBAL	531****80F	42,00	Apto	<b>8,12</b>	<b>50,12</b>
<b>9</b>	CELIA PARRA DIAZ	444****47K	40,00	Apto	<b>9,00</b>	<b>49,00</b>
<b>10</b>	MIGUEL GOMEZ LONGO	715****44Q	38,00	Apto	<b>9,00</b>	<b>47,00</b>
<b>11</b>	RAQUEL VARELA PEDREIRA	793****98P	36,00	Apto	<b>11,00</b>	<b>47,00</b>
<b>12</b>	CRUZ DEVESA BOUZÓN	787****96W	36,00	Apto	<b>9,00</b>	<b>45,00</b>
<b>13</b>	JULIA GONZALEZ YANEZ	355****96S	36,00	Apto	<b>9,00</b>	<b>45,00</b>
<b>14</b>	SILVIA CASTIÑEIRAS PORTOS	448****60D	36,00	Apto	<b>8,20</b>	<b>44,20</b>
<b>15</b>	MARIA JOSE IMIA VAZQUEZ	793****00M	34,00	Apto	<b>9,00</b>	<b>43,00</b>
<b>16</b>	JULIO CÉSAR CARRACEDO POSE	328****79B	30,00	Apto	<b>9,80</b>	<b>39,80</b>
<b>17</b>	NOELIA ANTELO VARELA	473****13V	38,00	Apto	<b>1,00</b>	<b>39,00</b>
<b>18</b>	ANA MARIA GOYOS LOPEZ	339****92R	34,00	Apto	<b>4,48</b>	<b>38,48</b>
<b>19</b>	ALBERTO GONZÁLEZ CHAO	327****31J	36,00	Apto	<b>1,76</b>	<b>37,76</b>
<b>20</b>	ELENA VERES OJEA	335****58G	36,00	Apto	<b>1,00</b>	<b>37,00</b>
<b>21</b>	MARTA M <sup>a</sup> RODRIGUEZ VALEIRO	531****18Q	34,00	Apto	<b>1,00</b>	<b>35,00</b>

**3º.** Elevar á Presidencia do Auditorio de Galicia, para a súa aprobación, a lista de agarda para a cobertura provisional do posto de técnico/a de comunicación (A1 - nivel 22), conformada pola relación dos aspirantes que superaron o proceso selectivo na orde exposta no parágrafo anterior.

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia do Auditorio de Galicia no prazo dun mes, segundo o establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O secretario do tribunal  
José Manuel González García.